



CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PANTÓN PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE AO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE PANTÓN

REUNIDOS

Dunha parte, D. Perfecto Rodríguez Muíños, actuando en representación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, na súa condición de xerente, segundo nomeamento do seu Comité Directivo do 12.11.2015 (DOG núm. 221, do 19 de novembro), e mediante delegación de competencias do 9.9.2022 (DOG núm. 180, do 21.9.2022), da Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Dña. Fabiola García Martínez, en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio (DOG núm. 131, do 07.07.2006) de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, D. José Luis Álvarez Blanco, actuando en representación do Concello de Pantón en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, creado en virtude do convenio de colaboración subscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de





ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con atención especial á xestión integral das Escolas Infantís de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;
- Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

II.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas en exclusiva as competencias en materia de asistencia social de acordo coa Constitución española e o seu Estatuto de Autonomía.

En base nesta competencia exclusiva aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que lle atribúe a esta administración autonómica a planificación, ordenación e coordinación das políticas autonómicas de benestar e, entre elas, as referidas á atención ás persoas maiores e ás persoas en situación de dependencia.

III.- Que na Comunidade Autónoma de Galicia, o departamento encargado da





planificación, ordenación e coordinación das políticas referidas á atención ás persoas maiores en situación de dependencia correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

IV.- Que de acordo co artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co disposto nos artigos 10 a 13 deste mesmo texto legal, os concellos teñen atribuídas a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, aínda que o artigo 59.i) tamén atribúe á Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.

V.- Que a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 e 64 bis que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

VI.- Que segundo o artigo 25.2 do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63, do 30 de marzo), os servizos sociais comunitarios específicos actuarán como servizos de proximidade no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento





dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

No marco establecido no artigo 13 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos son, entre outras, consonte o previsto no artigo 26 e) do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e seu financiamento, a atención de persoas maiores en equipamentos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal.

VII.- Que segundo o previsto no artigo 7.d) dos Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), no cumprimento dos seus fins, o Consorcio exercerá, en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, como competencia específica, a determinación e/ou execución, en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, mellora, reforma ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación de servizos.

VIII.- Que o Concello de Pantón adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 10.8.2006.

IX.- Que o Concello de Pantón cedeu ao Consorcio o uso do inmovible dedicado a Centro de Día de persoas maiores situado no núcleo urbano de Ferreira de Pantón, no termo municipal de Pantón, que se formalizou coa subscrición do convenio asinado para tal fin, asumindo o Consorcio a xestión deste equipamento no exercicio das competencias previstas estatutariamente.

X.- Que co fin de mellorar a accesibilidade ás instalacións do Centro de Día, resulta necesario levar a cabo a renovación da capa de rodadura de acceso ao centro e acometer a construción dun pórtico de acceso que resgarde a entrada ao centro, protexendo ás persoas usuarias nos días de choiva e mellorando así as condicións de acceso á devandita edificación. Todo isto, co fin posibilitar unha mellor atención ás





persoas maiores que son usuarias do Centro de Día, no que se ofrece unha alternativa de convivencia que mantén ás persoas maiores dentro do seu propio entorno, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

XI.- Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de resolver os problemas detectados na accesibilidade ao Centro de Día, posibilitando así unha mellor atención ás persoas maiores que son usuarias deste, constitúen o motivo que xustifica o outorgamento desta axuda de carácter singular e que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

XII. - Baseándose no anterior, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un **CONVENIO DE COLABORACIÓN** para financiar as obras de mellora da accesibilidade ao Centro de Día do Concello de Pantón, que serán realizadas por este concello.

Polo tanto, coa finalidade de mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas usuarias do Centro de Día do Concello de Pantón as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é o de establecer as bases de colaboración entre as partes que o asinan para o financiamento de obras de mellora da accesibilidade ao Centro de Día de Pantón co fin de posibilitar unha adecuada atención ás persoas maiores que precisan deste servizo.

Para este financiamento o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar





realizará unha contribución máxima de 41.717,18 euros, e as cantidades executadas que excedan da achega do Consorcio serán por conta do Concello de Pantón.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO E PAGO

Para o financiamento do investimento obxecto deste convenio, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comprométese a achegar ao Concello de Pantón a cantidade máxima de 41.717,18 euros, durante o ano 2024, con cargo á partida orzamentaria 11.90.311A.760.00 dos orzamentos de gastos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO

Son obrigas do Concello as seguintes:

- Realizar as actividades obxecto de financiamento.
- Facilitar toda a información requirida polo Consorcio referente ao obxecto do presente convenio.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable ao concello en cada caso coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control do gasto polos organismos correspondentes.
- Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado, de acordo co establecido nas cláusulas primeira e segunda deste convenio.
- Acreditar, no seu caso, o importe doutras subvencións, axudas, ingresos ou





recursos que puidera ter recibido para financiar as actuacións obxecto do presente convenio. De acordo coa previsión contida no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso o dito importe poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coa achega realizada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar supere o custe total das actuacións obxecto de presente convenio.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos.
- De conformidade co artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello deberá destinar o inmovble ao recurso de atención ás persoas maiores durante un mínimo de 5 anos, no caso de bens inscribibles nun rexistro público e durante un mínimo de 2 anos para os restantes bens.
- De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o concello deberá cumprir as obrigas que sobre a subministración de información se poidan requirir. Para o caso do incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da devandita lei.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas.
- Colocar un cartel informativo da actuación no que deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia na mesma proporción que o logotipo do Concello de Pantón.
- O Concello de Pantón comprométese a entregar ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar toda a documentación que sexa precisa para os efectos de xustificar o investimento realizado.





CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO

Respecto da forma de pagamento e no que atinxe á xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo estarase ao establecido nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións así como no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.

O prazo de xustificación rematará o 13 de decembro de 2024, podendo ser obxecto de financiamento ao abeiro do presente convenio as actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar efectuará o pagamento das contías comprometidas en favor do Concello de Pantón, unha vez que o concello teña contabilizado o recoñecemento das obrigas polo órgano competente da entidade local. Para o cal, con carácter preferente, deberá achegar as facturas referentes ao gasto realizado para a execución deste investimento, que deberán ir acompañadas dunha certificación expedida polo órgano correspondente da corporación local beneficiaria, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente.

Ao abeiro do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do regulamento que a desenvolve, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderanse efectuar pagamentos anticipados e pagamentos á conta (pagamentos fraccionados que responden ao ritmo de execución das accións subvencionadas) a favor do Concello. Os pagamentos anticipados poderán chegar ata o 50% do importe do convenio sen que se supere a anualidade prevista no convenio. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificandos,





nin excederá a anualidade prevista.

Os pagamentos á conta efectuaranse contra xustificantes de gasto (facturas) acreditativos dos gastos de execución do investimento subvencionado, aos que deberán xuntar certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, así como unha declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Aos efectos do previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello deberá presentar estes xustificantes ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, na data límite do 30 de novembro de 2024.

A porcentaxe da subvención pendente de aboar, tras os pagamentos anticipados e á conta, será satisfeita cando o concello achegue xustificantes de gasto e certificación do órgano que teña atribuídas na dita entidade as correspondentes facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida que acaden un importe igual ou superior ao total da contía subvencionada.

En todo caso, como xustificación final da subvención e como requisito para a tramitación do derradeiro pagamento, o Concello de Pantón deberá achegar a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.

Coa documentación xustificativa acreditativa de cada un dos pagamentos, a corporación local deberá indicar expresamente que se está a presentar unha xustificación parcial ou final e a solicitar, en consecuencia, o correspondente pagamento parcial ou final, do investimento.





Coa conta xustificativa da subvención, ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, segundo o artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, deberá achegar a certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do Alcalde, relativa á aprobación do órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar o contido detallado no citado precepto. Igualmente, de ser o caso, deberá presentar a restante documentación á que fai referencia o mencionado artigo, en especial, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O Concello de Pantón estará obrigado a acreditar documentalmente, no prazo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na súa conta bancaria, a efectividade dos pagamentos realizados polo dito concello, correspondentes aos aboamentos destinados ao financiamento da execución do dito investimento.

A corporación local tamén estará obrigada a achegar toda a documentación xustificativa que se lle requira, correspondente ao investimento obxecto deste convenio, para a súa xustificación.

A contía concedida á corporación local, en virtude deste convenio de colaboración, para financiar a execución do investimento, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17.2 e 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o Concello de Pantón non cumpra coas condicións establecidas neste convenio de colaboración para obter o financiamento para a execución do investimento, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente, dende o momento do pagamento da subvención ata a data





na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos e na forma establecidos no artigo 33 a 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

a) Modificación do convenio.

As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula sexta do presente convenio. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun instrumento que será asinado polas partes convenientes.

b) Resolución do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, serán causas de resolución as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes formulada expresamente cunha antelación mínima dun mes.
- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das cláusulas do presente convenio, en particular, as obrigas das partes establecidas nas cláusulas segunda e terceira deste.
- Cando resulte inviable a realización das actuacións descritas no convenio por causas non imputables ás partes ou por se producir cambios normativos que afecten substancialmente ás disposicións vixentes a súa sinatura, que ampararon a súa subscrición.
- O incumprimento polo Concello de Pantón do pagamento das cantidades que este deba ao Consorcio en virtude das liquidacións practicadas ao





abeiro das previsións contidas no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro).

SEXTA.- VIXILANCIA DO CONVENIO

A vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Alcalde do Concello de Pantón, ou persoas en quen deleguen, e como órgano colexiado, esta comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Esta comisión terá como funcións: A coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

SÉTIMA.- DURACIÓN

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento ao abeiro do presente convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024.

En calquera momento antes da finalización do antedito período de vixencia poderá acordarse unanimemente por ambas as partes a súa prórroga por un ano adicional ou a súa extinción. Non obstante, o convenio entenderase finalizado no momento en que se realice a totalidade da achega prevista na cláusula segunda.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co





Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

NOVENA.- PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.





DÉCIMA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O presente convenio queda excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta deste convenio. Os conflitos que poidan xurdir entre as partes, e que non poidan resolverse no seo da devandita Comisión de Seguimento, someteranse á resolución da xurisdición contencioso- administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data que a seguir se indica:

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O XERENTE DO CONSORCIO GALEGO
DE SERVIZOS DE IGUALDADE
E BENESTAR

O ALCALDE DO CONCELLO
DE PANTÓN

D. Perfecto Rodríguez Muiños

D. José Luis Álvarez Blanco

